

COMUNICADO Nº2

RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN E RECOÑECIMENTOS.

Recordase os participantes no VIII Rallye de Pontevedra que a recollida de Libros de Ruta e GPS, así como a devolución de este último, realizarase tal e como indica o programa horario na **CAFETERIA EXNOR**, sita na Gasolineira Repsol Sanxenxo no horario indicado.

30/05/2026	08:30 - 10:00	Distribución do libro de ruta e GPS e Entrega de Documentación	CAFETERIA EXNOR - REPSOL SANXENXO
31/05/2026	09:00 - 20:00	Recoñecemento dos Treitos Cronometrados	TREITOS CRONOMETRADOS
03/06/2026			CAFETERIA EXNOR - REPSOL SANXENXO
04/06/2026	20:00 - 21:00	Devolución de GPS	CAFETERIA EXNOR - REPSOL SANXENXO

Todos aqueles equipos inscritos o Shakedown poderán realizar os recoñecementos o mesmo seguindo a mesma normativa vixente e respetando as mesmas normas e horarios que para os treitos cronometrados, encontrando o libro de ruta do mesmo na APP SPORTITY.

Pregase a todos os equipos participantes que **RESPETEN AS NORMAS DE CIRCULACIÓN** mentres realicen os recoñecementos. Recordade que pasamos por moitos núcleos rurais donde hai maiores, nenos, maquinaria agrícola e incluso animais, e os foráneos somos nos, non eles. Se queredes que este deporte teña futuro, pasa por as vosas máns.

Informar tamén que dende o Subsector da Garda Civil de Tráfico de Pontevedra, dos Cuarteis Locais da Garda Civil, das Policias Locais e Proteccións Civiles dos distintos concellos, se vai a preparar un dispositivo especial de vixilancia para controlar a seguridade e o estricto cumprimento da normativa viaria durante os recoñecementos. Calquer denuncia realizada por un destes corpos a un equipo participante conlevará a inmediata imposición o mesmo de unha sanción tal e como indica o **ANEXO 2: PENALIZACIÓN NO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES 2026 no seu ARTIGO 9.10.**

Recordase, que a velocidade máxima permitida nos recoñecementos é de **80 kms/hora**, sempre e cando a sinalización da vía así o permita, sobre todo a hora de cruzar un pobo extremade as precaucións, o Rallye é o día 5 e o 6.

A circulación a contratrito, realizar os recoñecementos en días distintos os autorizados ou por persoas diferentes os equipos inscritos ou con tres ocupantes, recoñecer nun vehículo distinto o notificado, non identificarse ante a orde dun oficial, non colocar o numero de recoñecementos ou circular con vehículos lebre **SON CONDUCTAS TOTALMENTE PROHIBIDAS**, así como o exceso de horario nos recoñecementos, que serán de 09:00 a 20:00 horas. Todas estas infraccións serán controladas por GPS da empresa Anube e por oficiais do comite organizador, os cales emitirán un informe directo os comisarios deportivos da proba para o estudo das pertinentes sancións a aplicar se se dese o caso.

VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS E ENTREGA DE DORSAIS.

Recordase a todos os participantes no VIII Rallye de Pontevedra, que deberán ter realizado as verificacións administrativas telemáticas antes do día que teñan marcado para a REALIZACIÓN DOS RECOÑECIMENTOS. O mesmo tempo que recollen a documentación para os recoñecementos, os equipos recollerán a súa bolsa coa documentación para a proba e así acceder directamente as verificacións técnicas.

O COMITÉ ORGANIZADOR

Sanxenxo, 29 de Maio de 2026 sendo as 17:00 horas.